

NORMAS INTERNAS

VESTIARIOS

1. Empregar sempre os vestiarios sinalados.
2. A entrada ós vestiarios será **15 minutos** antes do comezo da clase. Deberán permanecer no vestiario o menor tempo posible. Unha vez remate a clase disporán de **15 minutos para saír** da instalación.
3. Só poderá acceder ó vestiario un acompañante por neno/a (menor de 8 anos).
4. A entrada á zona de baño está reservado exclusivamente ós alumnos e ó persoal técnico da instalación.
5. **Non** se permite a **reserva de sitio nos vestiarios** (p.e. toallas extendidas nas bancadas e chan,...).

HIXIENE E SAÚDE

1. Para o bo desenvolvemento da actividade é obrigatorio o uso de traxe de baño, gorro de natación e chanquetas de goma sen fibelas, de uso exclusivo para piscina (**aínda que leven calcetíns**). É aconsellable o uso de gafas de natación.
2. Queda prohibida calquera outro tipo de vestimenta que non sexa estrita para o baño, como roupa interior,...
3. Está prohibido o acceso á zona de baño de persoas que sufran enfermidades dérmicas infectocontaxiosas. No caso de dúbida, o persoal da instalación poderá esixir a presentación dun certificado médico.
4. Está prohibido **comer e/ou levar bebidas** e envases na piscina, **vestiarios** e **corredores anexos**, nin bañarse con goma de mascar.
5. É obrigatorio ducharse antes de somerxerse na auga da piscina.
6. O neno/a poderá ducharse despois de finalizar a clase e **sempre só**. É importante que adquira autonomía nos vestiarios.

SEGURIDADE

1. Os usuarios seguirán en todo momento as indicacións que lle faga o persoal da instalación.
2. Está prohibido entrar na auga con tiritas, feridas ou vendaxes. Tampouco con todo aquilo que se poida desprender a causa do movemento ou poida producir dano ós demais usuarios, como por exemplo, forquitas, aneis, pulseiras, reloxos e cadeas.
3. Está prohibido correr polas zonas húmidas como praias, arredores da piscina, duchas e vestiarios baixo ningún concepto; nin realizar accións ou xogos que leven consigo risco de accidentes.
4. Os envases de cristal ou latas, aínda que fora para uso hixiénico, están totalmente prohibidos.

NORMAS FINAIS

1. Se quere falar co monitor do seu fillo/a, diríxase ó coordinador/a. É o nexa de unión entre monitores e pais/nais.
2. Se hai algo do teu fillo/a que deberíamos saber, non dubides en falar co coordinador/a. O máis beneficiado será o teu fillo/a.
3. Por razóns pedagóxicas, as gradas, ventanais e acceso ó vaso permanecerá pechado durante a celebración dos cursos. **Coincidindo coas festas de Nadal, Semana Santa e Fin de Curso** abríranse para que se poida observar os progresos dos alumnos/as. **O acceso á praia será obrigatoriamente con chanquetas de uso exclusivo para a piscina.**
4. A dirección poderá restrinxir o acceso a aqueles usuarios que perturben coa súa conduta o bo funcionamento das actividades e a da instalación en xeral.
5. Non se permite a gravación de imaxes en toda a instalación.
6. A instalación non se fará cargo daquelas circunstancias, accidentes ou danos derivados do incumprimento das presentes normas, de comportamentos negligentes por parte dos usuarios, do mal uso da instalación, nin de posibles subtraccións ou perdas que teñan lugar na mesma.
7. Agradeceríase ós usuarios que fagan as suxestións ou reclamacións oportunas para emendar as posibles deficiencias e mellorar o servizo da instalación. Terán a oportunidade de facelo a través de comunicación directa co persoal da instalación ou follas de queixas e reclamacións.

Polo ben de todos, por favor cumpra as normas. Grazas.